

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 4 DE DECEMBRO DE 2009 (1ª)

5.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse axudas por importe de 2994, 87 euros.

6.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles; no imposto sobre vehículos de tracción mecánica; no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana; no imposto sobre construcións, instalacións e obras; no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e por servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Apróbanse os devanditos beneficios fiscais.

65.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á aplicación de fondos no concepto orzamentario 45505: "Transferencias Comunidade Autónoma. Estatuto da Capitalidade" do actual orzamento 2009.

Solicítase da Consellería de Facenda da Xunta o pago da totalidade do resto da achega económica consignada nos orzamentos do ano 2009 a favor do Concello, correspondente ao financiamento previsto no exercicio 2009 en desenvolvemento do establecido no estatuto da Capitalidade. Solicítase que o pago de 1.192.500 euros se realice antes do 20 de decembro.

66.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á provisión dun/ha auxiliar administrativo/a para o servizo de Licenzas e Disciplina Urbanística.

Acórdase a contratación dun auxiliar administrativo para a Sección de Disciplina Urbanística do Servizo de Licenzas e Disciplina Urbanística.

67.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á provisión dun/ha animador/a cultural con cargo ao programa subvencionado parcialmente pola Deputación.

Renóvase o contrato dunha animadora cultural.

68.- Adxudicación provisional do contrato de Servizo de actualización do Catastro sobre inmobles urbanos e inmobles rústicos con construcións.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa EIBISA NORTE, SL, que ofrece un importe por cada ben inmovible urbano ou por cada inmovible rústico con construcións existntes que se actualice na base de datos catastral de 38'75 euros.

69.- Adxudicación definitiva da reurbanización do espazo público da Calzada de San Pedro.

Adxudícase definitivamente as devanditas obras á empresa EXTRACO, SA, por importe de 299.686 euros (IVE a soportar pola Administración).

70.- Aprobación do orzamento e programa NADALXOGO 2009.

Apróbase o programa e un orzamento total de 16.000 euros.

71.- Adxudicación definitiva do servizo de desenvolvemento do programa Nadalxogo 2009.

Apróbase a adxudicación definitival do contrato de referencia á empresa MARÍA DO CARME GARCÍA VICENTE, por importe de 43.000 euros (IVE a soportar pola Administración).

72.- Adxudicación definitiva das obras de reurbanización dos contornos urbanos de acceso á cidade (Rúa Galeras-Salvadas-Vista alegre).

Adxudícanse provisionalmente as devanditas obras á empresa JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES, SA, por un importe de 2.837.123,10 euros (IVE a soportar pola Administración).

73.- Autorización de abonos a conta nas obras de reurbanización dos contornos urbanos de acceso á cidade (Avda. Castelao).

Acórdase autorizar o abono a conta do 75% do importe dos acopios de materiais realizado pola empresa JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ, SA, para a execución das Obras de Reurbanización dos contornos urbanos de acceso á cidade de Santiago (avenida Castelao), abono que ascende a 1.133.563,24 euros.

74.- Adxudicación provisional das obras de reurbanización do Campo e Costa do Cruceiro do Gaio.

Adxudícase provisionalmente a devandita obra á emrpsa COPCISA, SA, por importe de 663.701,11 euros. (IVE a parte a soportar pola Administración).

75.- Adxudicación provisional das obras de reurbanización da rúa San Clemente (2º tramo da rúa Raxoi).

Adxudícanse provisionalmente as devanditas obras á empresa JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES SA, por importe de 783.000 euros.

76.- Solicitud de prórroga á Dirección Xeral de Cooperación Local do prazo de execución das obras de reurbanización da rúa Belvis (FIL).

Acórdase solicitar a devandita prórroga das obras ata o 20 de febreiro de 2010.

77.- Solicitud de prórroga á Dirección Xeral de Cooperación Local do prazo de execución das obras de urbanización do espazo público da rúa do Olvido e entorno (FIL).

Acórdase solicitar a devandita prórroga das obras ata o 20 de febreiro de 2010.

78.- Solicitud de prórroga á Dirección Xeral de Cooperación Local do prazo de execución das obras de reurbanización da rúa Trinidad 2º tramo (FIL).

Acórdase solicitar a devandita prórroga das obras ata o 20 de febreiro de 2010.

79.- Aprobación da achega municipal á Sociedade participada UNINOVA S.L.

Apróbase a devandita achega económica polo importe de 35.000 euros.

81.- Aprobación da contratación da xestión e seguimento dos programas de prevención de drogodependencias "CINENSINO" .

Apróbase a contratación para o devandito fin da empresa ESTINGA SERVICIOS SOCIALES, S.L, por un importe de 10.950 euros (IVE incluído).

82.- Aprobación da contratación de equipos para procesos de información da Rede de centros e locais socioculturais.

Apróbase a devandita contratación, por importe de 17.972,61 euros (IVE incluído).

83.- Aprobación da contratación do programa de "información e formación en prevención de drogodepedencia para alumnos de ESO".

Adxudícase o desenvolvemento do devandito programa á asociación CHISEM, por importe de 17.670 euros.

84.- Adxudicación do contrato de elaboración do itinerario de coordinación integral en materia de tratamento e prevención da violencia de xénero.

Adxudícase o devandito contrato ao Grupo OBZ, por un importe de 20.590 euros (IVE incluído).

85.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á realización dun pagamento en concepto de axuda económica para vivenda-aloxamento, que foi concedida por este órgano.

Apróbase o pagamento antes do día 7 de cada mes da devandita axuda económica.

86.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa ao outorgamento de subvencións para plantacións forestais. Ano 2009.

Concédense cinco subvencións por un importe total de 1.492,50 euros.

87.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á contratación do desenvolvemento do programa de prevención de drogodependencias a través do adestramento en habilidades sociais.

Adxudícase o desenvolvemento do devandito programa á asociación CHISEM, por importe de 15.101 euros.

88.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social para dar conta da subvención para o desenvolvemento dun programa de prevención de drogodependencias denominado "Proxecto de dinamización sociocomunitaria" .

Dáse conta dunha subvención de 21.000 euros para o devandito programa pola Subdirección Xeral de Xestión da Delegación do Goberno do Plan Nacional de drogas do Ministerio de Sanidade (70%), asumindo o Concello o 30% restante, 9.000 euros.

89.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión da gratuidade da participación dun grupo de alumnos de diversos centros no programa "A auga patos"

Concédense a gratuidade a 18 alumnos e alumnas de catro centros, asumindo o Departamento do Deportes o custo, que ascende a 680 euros.

90.- Proposta da concelleira delegada de Participación Cidadá relativa á aprobación do orzamento e adxudicación do contrato de subministro de material para a colocación do fondo de recursos existentes no devandito departamento.

Apróbase unha partida de 13.606,54 euros para o devandito subministro.

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 4 DE DECEMBRO DE 2009 (2ª)

2.- Autorización dos abonos a conta nas obras de reurbanización dos contornos urbanos de acceso á cidade (rúa Galeras-Salvadas-Vista Alegre).

Acórdase autorizar o abono a conta do 75% do importe dos acopios de materiais realizado pola empresa JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ, SA, para a execución das obras de reurbanización dos contornos urbanos de acceso á cidade de Santiago (rúa Galeras-Salvadas-Vista Alegre), abono que ascende á cantidade de 1.768.587,74 euros.